

Gómez Gómez, José Antonio

Article

O futuro do emprego industrial en Galicia

Atlantic Review of Economics (ARoEc)

Provided in Cooperation with:
Economists Association of A Coruña

Suggested Citation: Gómez Gómez, José Antonio (2023) : O futuro do emprego industrial en Galicia, Atlantic Review of Economics (ARoEc), ISSN 2174-3835, Colegio de Economistas de A Coruña, A Coruña, Vol. 6, Iss. 1, pp. 1-4

This Version is available at:
<https://hdl.handle.net/10419/312978>

Standard-Nutzungsbedingungen:

Die Dokumente auf EconStor dürfen zu eigenen wissenschaftlichen Zwecken und zum Privatgebrauch gespeichert und kopiert werden.

Sie dürfen die Dokumente nicht für öffentliche oder kommerzielle Zwecke vervielfältigen, öffentlich ausstellen, öffentlich zugänglich machen, vertreiben oder anderweitig nutzen.

Sofern die Verfasser die Dokumente unter Open-Content-Lizenzen (insbesondere CC-Lizenzen) zur Verfügung gestellt haben sollten, gelten abweichend von diesen Nutzungsbedingungen die in der dort genannten Lizenz gewährten Nutzungsrechte.

Terms of use:

Documents in EconStor may be saved and copied for your personal and scholarly purposes.

You are not to copy documents for public or commercial purposes, to exhibit the documents publicly, to make them publicly available on the internet, or to distribute or otherwise use the documents in public.

If the documents have been made available under an Open Content Licence (especially Creative Commons Licences), you may exercise further usage rights as specified in the indicated licence.

O FUTURO DO EMPREGO INDUSTRIAL EN GALICIA

José Antonio Gómez Gómez. Secretario Xeral UGT Galicia

Introdución

Primeiro, para falar do futuro do emprego industrial en Galicia, gustaríame expoñer unha premisa, que penso que todos compartimos, que é que o sector industrial, en termos xerais, é o que xera máis emprego de calidade polas súas condicións, tanto dende un punto de vista salarial como en termos de estabilidade no emprego.

Non obstante, a diagnose que facemos en termos de produción de emprego no sector industrial e as principais ramas que o integran non é nada positiva. Xa como punto de partida. Pechado o ano 2020, os datos de Contabilidade económica trimestral amosan que o peso da industria, incluíndo a enerxía, en Galicia é do 16% do PIB. Considerando unicamente a industria manufacturera este descendería ata o 11,3% dentro da produción total. Afastados, sen dúbida, de acadar o obxectivo marcado pola Comisión Europea do 20% para o 2020.

Ao escaso peso do sector industrial, reitero que un dos máis significativos nichos de emprego de calidade, engádese o escaso investimento en innovación do sector público e privado, a excesiva dependencia enerxética do exterior, o baixo valor engadido e a ausencia dunha estratexia decidida cara unha economía sostible.

O sector industrial e o emprego en Galicia

A día de hoxe o sector industrial dá emprego en Galicia a 182.400 persoas, o que representa o 17% do total da poboación ocupada. Pero é que ó comezo da crise económica de 2008 eran 215.000 os empregos cos que contaba este sector.

Isto supón unha perda de 32.600 empregos, é dicir, unha baixada do 15,16%. Pero no que vai de 2021 esta sangría continúa, con 13.600 empregos menos que no 2020.

Descendendo ó detalle, obsérvase que as principais ramas en peso do Valor Engadido Bruto (VEB) en Galicia son a industria da automoción, a enerxía, o procesamento de peixes e crustáceos, a metalurxia, o refino de petróleo, a fabricación de produtos metálicos e a confección de roupa e calzado, por esta orde de importancia. Todos eles xuntos representan o 61,3% do VEB galego.

Que nos di isto?. Que se produce unha alta concentración produtiva, o que se traduce nunha gran debilidade ao concentrar riscos.

E, de aquí, xa somos capaces de chegar a unha primeira conclusión do camiño no que hai que traballar e a onde deberíamos ir. Urxe apostar pola diversificación produtiva, sen menoscabo de seguir impulsando os sectores tradicionais de economía da industria galega.

Centrándonos no emprego. Cales son as ramas do sector industrial que máis emprego xeran?. A primeira, e con distancia do resto, a industria de alimentación e bebidas, con 34.479 empregos. A continuación, pero con moita distancia, a fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento, con 17.017 empregos, seguida da fabricación de vehículos de motos, remolques e semi-remolques, con 15.940 empregos.

Chegado este punto, sería interesante analizar cal é a evolución do emprego nas principais ramas da industria dende a crise de 2008 ata a actualidade. Porque as respostas a esta pregunta poden marcarnos a tendencia do emprego no futuro, de non mudar as actuais políticas industriais.

Pois ben, os sectores que perden emprego en Galicia son a industria téxtil, confección de roupa, coiro e calzado, a máis afectada, pasando de 16.497 afiliados no 2008 ós 9.598 actuais, o que significa, nin máis nin menos, que unha destrución do 42% dos postos de traballo nesta rama de actividade na nosa Comunidade. E, ademais, obsérvase que o descenso é continuado en todo o período, xa sexa na propia crise como na recuperación.

A metalurxia, fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes rexistrou unha perda de 2.715 empregos, sumados ós 2.090 que se perderon na fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento.

Pola súa banda, a fabricación doutro material de transporte, onde se inclúe a construción naval, perdeu 3.772 empregos.

Entre os sectores que gañan emprego, están a industria da alimentación e bebidas, o que mellor resistiu as crises recentes. Concretamente, a do ano 2008 e a da COVID-19. De feito, na actualidade, nesta rama, incluso, supérase a afiliación á Seguridade Social do ano 2008 e neste último ano incrementáanse as afiliacións nun 4%. Isto apunta a un sector cun gran dinamismo que, ademais, no último ano acada un máximo de emprego.

Outras actividades que tamén rexistraron un incremento do emprego, aínda que non en cotas tan elevadas, foron a fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos; captación, depuración e distribución de auga; e recolla, tratamento e eliminación de residuos e valorización.

A industria e os procesos de innovación, formación e cualificación

Pero falar da industria e do seu futuro é falar e analizar os procesos de innovación, formación e cualificación e como estamos en termos relativos coa nosa contorna. Porque, só apostando por estes tres piares, apostaremos polo futuro da industria no noso país.

Neste senso, a realidade é que o gasto en I+D, en relación ó PIB, en Galicia é do 0,97%, por debaixo da media española, onde sitúase no 1,25%, e afastados da media da UE, onde se acada o 2,2% do PIB.

Para mostra gráfica disto, só o 13,25% das PEMES galegas introduciron un produto novo ou mellorado no 2019. De novo, por debaixo da media española e afastados do 27,7% da media da UE.

No relativo á formación, outro dos piares básicos ós que se debe apuntar para ir no camiño correcto, o 49,4% dos galegos de entre 24 e 34 anos contan cun nivel de formación terciaria, dous puntos por enriba do nivel estatal e 8,9 puntos máis que a UE.

Isto contrasta co feito de que só o 10% dos galegos desenvolven a súa labor en actividades consideradas de coñecemento intensivo, o que é inferior ó 12,7% estatal e o 14,2% da Unión Europea.

É dicir, Galicia amosa, entre as súas principais debilidades, as relacionadas coa xeración de innovación, en calquera das súas modalidades, ben sexa produtos, procesos, en materia de mercados ou organizativamente falando. Concretamente, en xeración de innovación ocupamos o posto 212, das 238 rexións analizadas; situándonos no 195 no caso de solicitudes de deseño; e no 194 no de pequenas e medianas empresas innovadoras.

E se miramos ao noso querido Portugal, o Foro económico de Galicia no seu estudo publicado “Eurorexión Galicia Norte de Portugal. Notas de Conxuntura de Outubro de 2020” dinos: que unha vez analizados 17 indicadores a rexión norte de Portugal presenta unha posición relativa superior á galegas en todos eles, agás nos dous relativos á formación e no da colaboración entre pemes innovadoras.

E, para rematar esta parte, poño enriba da mesa nomes como Alcoa, Vestas, Endesa, Naturgy, Alu Ibérica, Navantia, Ferroatlántica, Ence, Barreras, Celsa, Poligal... Todas elas, industrias que actualmente están en crise, con ameazas de peches ou directamente pechadas, moitas delas coa súa sede operativa ou domicilio social a centos ou miles de quilómetros de Galicia. O que nos debería facer reflexionar.

Ata aquí, a radiografía, nada optimista. Non obstante, hai oportunidades que deberíamos ser quen de aproveitar para o que é necesario un esforzo conxunto e coordinado das diferentes institucións en todos os eidos, co fin de apostar por unha industria competitiva e moderna, como instrumento de xeración de emprego de calidade.

Conclusións e propostas

Para isto, nós temos propostas que non son neutras. Propostas que marcan unha senda diferente á seguida en crises anteriores nas que se cargaba o peso da recuperación nos traballadores. Propostas que avanza no camiño dun modelo máis produtivo, máis social e verde. Propostas que tratan de trazar o camiño máis inmediato pero tamén a medio e longo prazo.

Propoñemos alternativas que reforcen o noso modelo produtivo en todos os ámbitos e devolvan o sentido ó estado de benestar. Para iso, hai que aumentar o investimento público, utilizando axeitadamente os fondos europeos e estimular o investimento privado naqueles ámbitos estratéxicos.

A pandemia e a postpandemia estanos a traer moitas ensinanzas e unha delas é que hai que repensar unha economía baseada ata o de agora nunha globalización “bazar”.

O cambio require dun pacto pola industria que culmine nun plan estratéxico sobre criterios de economía verde, transición xusta e innovación con investimentos destinados a sectores que avancen na transición ecolóxica (enerxías renovables, eficiencia enerxética, electrificación da mobilidade, transporte público, rehabilitación enerxética...), trazando un modelo enerxético claro, fiable e axustado ás necesidades da nosa economía e ós nosos sectores produtivos estratéxicos.

Tamén consideramos imprescindible trazar unha estratexia que promova o agrupamento empresarial a través do deseño de instrumentos financeiros, fiscais ou de calquera outro tipo, posto que as empresas grandes son máis fortes e resisten mellor as crises que o actual modelo de microempresas que impera en Galicia.

Sumado isto á necesidade dun maior investimento público dirixido a sectores estratéxicos e empresas públicas profesionalizadas con alcance similar ós países da nosa contorna. Ademais, é primordial o investimento en infraestruturas interconectadas, primando o transporte por ferrocarril coa extensión do corredor atlántico.

A formación e capacitación profesional das persoas traballadoras tamén terán que ter un papel clave na modernización da industria, para o que hai que impulsar a conectividade das empresas cos centros educativos e de investigación.

A aposta pola innovación debe ser clara, eliminando as trabas burocráticas, deseñando e implementando plans plurianuais e estimulando e retendo o talento.

Temos unha oportunidade e non debemos perdela. Para isto, os Fondos Next Generation van ser fundamentais, tanto para os proxectos dos sectores tradicionais da economía galega con importantes perdas de emprego, como é o caso do téxtil, abrindo así posibilidades de adaptación sectorial e de ir cara un novo modelo máis sostible, como para sectores novos con grandes perspectivas de crecemento e innovación, por exemplo, con todo o que ten que ver coa economía circular, o desenvolvemento dixital ou a biotecnoloxía.

Finalmente, gustaríame incidir en que ten que existir unha esixencia de que todo plan industrial que se defina, toda actuación industrial que perciba fondos públicos deben vir acompañados dunha clara salvagarda do emprego e de condicións de traballo estables.